



ACTA Nº 1 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Reunión para a valoración da documentación da oferta presentada e proposta de adxudicación

RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2025 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, para a execución do programa de acollemento residencial dirixido a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección e problemas de saúde mental, no centro de menores Casa da Quintán en Ponte Caldelas (8 prazas), (código de procedemento BS213T). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución deste concerto cunha contía máxima de 2.249.173,96 € (IVE incluído) no período 2026 (275 días)-ao 2028 (91 días).

En Santiago de Compostela, o 22 de xaneiro de 2026 ás 10:00 horas, reúnense os membros da Comisión de Valoración establecida na cláusula P) da resolución sinalada no encabezamento e formada polas persoas que se sinalan:

Presidenta

- Cristina Blanco Aragón, (subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia)

Vogais

- Ana Vázquez Caamaño (xefa do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil da Consellería de Política Social e Igualdade, como suplente da xefa do Servizo de Protección de Menores)
- Ana Piñeiro Barreiro, (psicóloga do Servizo de Protección de Menores)
- Juana Mª Pereira Viqueira (pedagoga do Servizo de Protección de Menores)
- Inés Estévez Nogueira, (traballadora social do Servizo de Protección de Menores)

Secretario

- José Manuel Castro Couselo (xefe de Sección de Programación, como suplente do xefe da Sección de Tramitación Administrativa)

Primeiro.- Con data 5 de decembro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución indicada no encabezamento.

Segundo.- O prazo de presentación de ofertas rematou o día 5 de xaneiro de 2026.

A este concerto social presentouse unha única entidade:

ENTIDADE SOLICITANTE	DATA PRESENTACIÓN
ORDEN HOSPITALARIA DE SAN JUAN DE DIOS (HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL)	05/01/2025 10:48

Terceiro.- A reunión ten por obxecto examinar, polos membros da Comisión, o informe elaborado polo persoal técnico da Consellería de Política Social e Igualdade e revisar a documentación presentada pola



entidade participante no concerto social indicado no encabezamento referenciado co código de procedemento BS213T.

Cuarto.- Unha vez examinada a documentación presentada polo persoal do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, conséntase que a entidade presentou a documentación requirida completa e correcta.

Quinto.- Na cláusula O) da resolución do concerto establécense uns criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar.

Consonte aos criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para a entidade presentada ao concerto:

RESUMO DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS POR HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL

Descrición	Puntaxe
A. Calidade do proxecto de intervención educativa (ata 48 puntos)	29,5
B. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e coresponsabilidade (ata 14 puntos)	0
C. Continuidade na atención prestada en centros especializados a NNA con trastorno de conduta e de saúde mental (ata 19 puntos)	17
D. Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia (ata 19 puntos)	19
TOTAL	65,5

Sexto.- De acordo coa dita valoración elévase a proposta de adxudicación á conselleira de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no artigos 15 e 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme á seguinte clasificación:

ENTIDADE PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA

ORDEN HOSPITALARIA DE SAN JUAN DE DIOS (HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL)



E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:10 horas.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O secretario da Comisión de Valoración

José Manuel Castro Couselo

A presidenta da Comisión de Valoración

Cristina Blanco Aragón

